



Escola Técnica Superior de Arquitectura
Campus Universitario de A Zapateira, s/n
15071 A Coruña
881 01 5018
etsacdir@udc.es
<http://etsa.udc.es>

E.T.S. Arquitectura | Curso 2022-23

Índice

1. Contextualización
2. Análise de necesidades
3. Diagnose
4. Metas e obxectivos
5. Recursos
6. Modelo de PAT
7. Estratexia de implantación e plan de funcionamento da Mentoría Dual
8. Outras actividades
9. Estratexia de continuidade para a Mentoría Dual
10. Memoria final da labor desenvolvida. Avaliación

1. Contextualización

O Plan de Acción Titorial (PAT) ten como obxectivo ofrecer ao alumnado un apoio titorial personalizado, a través de accións como son a información, a formación, a orientación e o seguimento da súa traxectoria universitaria. A acción titorial fórmase como estratexia educativa grupal e individual que permita dar respostas ás necesidades de apoio e asesoramento do alumnado durante a súa estadía na Universidade.

O curso 2022/2023 é o décimo cuarto ano de implantación do Plan de Acción Titorial na Escola Técnica Superior de Arquitectura. O programa propio do PAT foi aprobado, inicialmente, na Xunta de Escola, en data 28 de xullo de 2011, e actualizado, coa incorporación do proxecto de mentoría, o 16 de setembro de 2013. Con data 18 de novembro de 2021, presentouse, de novo, na Xunta de Escola e foi aprobado por asentimento, con modificacións relativas aos contidos e procesos de titorización e mentorización voluntarias para o alumnado e profesorado participante.

Os axentes implicados no curso 22-23 son:

_654 estudantes matriculados no Grao en Estudos de Arquitectura, dos que 165 –a fecha da sinatura deste documento– matriculáronse en primeiro por primeira vez.

_No Mestrado Universitario en Arquitectura, o número de estudantes é de 81, dos que 24 están matriculados por primeira vez.

_15 estudantes no Grao en Paisaxe (3º e 4º curso).

_77 membros do profesorado que imparten docencia nas diferentes titulacións, o que supón arredor dun 75 % do total do profesorado do centro.

_34 estudantes mentores no Grao en Estudos de Arquitectura –dos cales, 14 deles formaron xa parte da mentoría o pasado curso–.

2. Análise de necesidades

O alumnado que accede a Escola de Arquitectura de A Coruña procede fundamentalmente da comunidade autónoma, posto que se trata do único centro público que imparte a titulación en Galicia. É preciso sinalar a presenza dun importante número de estudantes de outras comunidades e, cada vez máis, doutros países. A maioría destes últimos son de fala hispana ou lusófona.

O perfil do estudante que ingresa no primeiro curso do Grao en Arquitectura corresponde, maioritariamente, a alumnado que accede á universidade dende o bacharelato e as Probas de Acceso á Universidade; o procedente de ciclos de Formación Profesional ou doutros estudos universitarios é minoría. A maioría do estudantado, accede á titulación cunha importante carga vocacional, aínda que sofre de certo descoñecemento do que supón o desenvolvemento da carreira e das diferentes posibilidades laborais ao final da mesma.

No Grao de Paisaxe, os grupos son pequenos e a súa procedencia é máis diversa, existindo, incluso, moita heteroxeneidade xeracional, o que resulta moi enriquecedor. O feito de que sexan poucos e repartan o tempo entre o Campus de Lugo e o de A Coruña –compartindo viaxes– fai que o grado de coñecemento entre eles sexa alto, mesmo entre estudantes de diferentes cursos.

3. Diagnose

Cómpre sinalar, como principal problema, o **baixo grao de implicación do alumnado** e, como consecuencia, a **baixa motivación do profesorado** no programa. Dende fai anos, detéctase, a nivel xeral, un descenso na participación do alumnado e, de xeito particular, neste tipo de programas participativos, o que orixina que o profesorado perda interese e se cuestione a súa utilidade. É posible que a dificultade de comentar e compartir os problemas e dificultades persoais a persoas descoñecidas, se engada o feito de non percibir aos titores como iguais. Quizais, isto veña a ser unha barreira invisible pero infranqueable que impide que a relación titor-titorando se estableza dende a plena confianza. A excesiva formalidade dos encontros de tutoría, con fichas a cubrir e cronogramas a cumprir, tampouco axuda a sentar unhas bases de familiaridade e naturalidade.

É, por tanto, **necesario implantar novas estratexias** para incrementar a participación de todos os axentes implicados e os retornos para cada un deles.

Se o alumnado non se implica no inicio da súa andaina na escola, é moi difícil que o resto de obxectivos do PAT se cumpra –orientación na escolla dos itinerarios formativos, estadias no estranxeiro, saídas laborais, etc.–, dado que a perda de contacto cos titores imposibilita calquera outra iniciativa a futuro.

Esta situación de desapego non só se da na nosa escola, senón que está xeneralizada na UDC e é un problema que se está a abordar dende a coordinación dos diferentes Plans de Acción Titoriais das facultades.

4. Metas e obxectivos

O principal obxectivo que se pretende conseguir co PAT da ETSAC da UDC é que o alumnado dispoña dunha ou varias persoas de referencia que lles proporcionen **axuda, apoio** e unha **orientación** xeral durante a súa estadía na escola. Este respaldo é fundamental nos **primeiros anos**, momento no que se atopan máis abrumados, non tendo aínda tecido redes de apoio de seu.

Os obxectivos do Plan de Acción Titorial na ETSA están aliñados coas indicacións da Universidade, e son os seguintes:

1. Favorecer o nivel de integración na Escola do novo estudiantado de novo ingreso.
2. Mellorar o coñecemento do centro.
3. Colaborar na mellora dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
4. Axudar na toma de decisións e na elección dos itinerarios formativos.
5. Identificar problemas que se produzan no centro, que repercutan no normal desenvolvemento das actividades académicas do alumnado.

Considerase que é preciso diminuír os aspectos burocráticos do sistema e facelo máis horizontal e informal. A compoñente altruísta e afectiva debe poñerse en primeiro termo, fomentando que os participantes do PAT se sintan parte da “Comunidade ETSAC”.

5. Recursos

Cóntase con parte do profesorado do centro que, de xeito voluntario, participa na titorización, xunto cun profesor que actúa como coordinador do PAT da Escola.

Ademais, se conta coa participación do estudiantado –tamén de xeito voluntario– na figura de alumnado mentor.

6. Modelo de PAT

Para paliar o desapego que se produce entre o alumnado de primeiro cara o Plan de Acción Titorial, dende o grupo de investigación FORVI (Formación e Orientación para a Vida), pertencente á Fac. de CC. de Educación da UDC, propónse un sistema de **mentoría dual**.

Esta **mentoría dual** consiste en deixar que sexan os **mentores** –estudiantado de últimos cursos– os que teñan un **contacto directo co alumnado** de novo ingreso e que, á súa vez, os profesores **tutores apoien**, asesoren e orienten aos mentores.

Con este sistema, conséguese que os **estudantes recién chegados** teñan como **persoa de referencia a un igual** con maior experiencia. Ao mesmo tempo, os mentores teñen un **profesor titor** que fai as veces de mentor –de aí o termo ‘mentoría dual’– e que os poden aconsellar nas decisións a tomar no final do seu percorrido académico e primeiros contactos co mundo laboral.

Este é o modelo de PAT que se propón na Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña.

7. Estratexia de implantación e plan de funcionamento da Mentoría Dual

_No inicio de cada curso académico, desenvólvese na Escola unha **Xornada de Benvida** dirixida ao **novo estudiantado** de primeiro curso. Aproveitarase esta xornada para presentar o PAT e explicar en que consiste o proxecto.

_A coordinación do PAT manterá, dende o inicio, un **contacto** directo e permanente cos **representantes dos estudantes**, xa que, loxicamente, son os que teñen un maior e máis directo coñecemento das necesidades do alumnado. Con eles, ademais, farase unha análise e diagnose do funcionamento do PAT ata ese momento.

_Coa axuda dos representantes dos estudantes, realizarase, no final do curso previo –durante os meses de xuño e xullo–, unha campaña de **captación de mentores**, a través de listaxes de correo, carteis, redes sociais, boca a boca.

Isto permitirá que o **Plan de Acción Titorial poida estar listo ó inicio das clases**, e que todos os alumnos de novo ingreso poidan contar cun grupo de mentorización asignado dende o primeiro día.

Entre as **labores das persoas mentoras** sinalaremos:

- Contactar co alumnado asignado e realizar varias reunións presenciais/non presenciais ao longo do curso.
Considérase que, máis que a fixación de reunións establecidas cun determinado cronograma e cunha axenda de asuntos a tratar, sería interesante tratar de establecer unha relación de confianza e proximidade

entre as catro figuras implicadas: telémacos, mentores, titores e coordinador. Os contactos deberían ser espontáneos e fluídos. Non obstante, o **coordinador velará porque se produza esta comunicación de forma periódica.**

- Atender as titorías individuais demandadas polo alumnado.
- Transmitir ós seus titores ou á coordinación do centro as debilidades e fortalezas do centro, do estudantado, da docencia e de nosa propia acción titorial.

_O coordinador do PAT establecerá como medio de comunicación cos mentores un canal de **chat en TEAMS.**

_Celebrarase un **encontro presencial cos mentores** que permita delinear a estratexia dos grupos de mentorización, en diálogo e consenso con eles por seren as persoas máis directamente implicadas na súa implantación.

Neste encontro levarase a cabo un **asesoramento previo** ao comezo da súa tarefa como mentores por parte do coordinador, incidindo sobre aspectos como a confidencialidade ou a necesidade de mediar nos conflitos de xeito construtivo e sosegado.

Cabe indicar que resultaría convinte contar con formación en mentoría, como o curso online masivo e aberto (Massive Online Open Course, MOOC) “Mentoría en la Universidad. Formación de las figuras implicadas (MUFFIM)”, plantexado por FORVI (UDC) e impartido na plataforma Miriadax, pero que nestes momentos é de pago. A Coordinación de PAT da Universidade está a xestionar coa Reitoría algunha solución que non implique pedir un esforzo económico aos mentores, que xa aportan voluntariamente o seu tempo.

_Os mentores se dividirán en grupos de tres ou catro persoas e serán asignados a cada subgrupo de primeiro curso, a un grupo no que estarán os alumnos de mobilidade, así como a outro formado por os novos estudantes do Grao en Paisaxe.

Os mentores responsables de cada grupo farán unha **visita presencial** aos seus estudantes asignados –telémacos– na que se presentarán e explicarán o seu cometido e o xeito de contactar con eles. Proponse a creación de **grupos de chat na app Whatsapp** co fin de que poidan ter un contacto máis directo, e sen

intermediarios, cos seus telémacos. Os estudantes de novo ingreso terán contacto somentes cos mentores.

_Crearanse **equipos en TEAMS** cos estudantes de cada grupo e os seus mentores. Cada equipo contará, ademais, con dous canais privados para facilitar a comunicación entre o coordinador e os mentores, e os titores e os mentores, respectivamente.

_Cada grupo de mentores contará, á súa vez, cun **profesor ou profesora titor/a**. Tratarase, na medida do posible, de que sexan **os propios mentores** os que **escollan** titores cos que teñan certa afinidade. Con isto, preténdese mellorar a fluidez das relacións internas dentro dos grupos de mentorización/titorización; que haxa máis implicación entre participantes; e, por tanto, que os seus esforzos teñan retornos máis satisfactorios.

_ **Contactarase cos titores seleccionados polos mentores**. Os titores definitivos asignaranse aos grupos por orde de recepción da petición.

_O coordinador do PAT fará, tamén, as veces de titor para todos os grupos de mentores.

_Os **titores manterán a titoría PAT de estudantes xa asignados** nos anos anteriores.

8. Outras actividades

_Documento: Como sobrevivir ó primeiro curso de Arquitectura?

Propónse a elaboración dun documento que recolla diferentes aspectos que ó alumnado mentor –en base a súa experiencia– lle gustaría que alguén lle tivese contado no seu ano de ingreso na Escola.

Tres ou catro alumnos –dependendo do número de mentores– coordinarán e darán forma ó documento, que incluírá as diferentes aportacións do conxunto de mentores, co fin de que se poida distribuír, cada curso, a todos os estudantes de novo ingreso.

Actividades formativas

Se prevén, tamén, actividades formativas, organizadas en colaboración coa dirección do centro e co alumnado, destinadas a resolver carencias detectadas, mellorar o coñecemento da escola, da carreira e da profesión.

A idea é que xordan mediante un sistema bottom-up; a proximidade aos mentores permitirá detectar necesidades e articular solucións dun xeito áxil.

A modo de exemplo, propónse as seguintes:

- Universidade popular **dende o alumnado para o alumnado**, ofrecendo **coñecementos útiles para a carreira**.
- **Encontros para compartir traballos académicos** de cursos anteriores, presentados polo alumnado, especialmente vinculado ás materias de primeiros cursos. Neles, contarán qué dificultades atoparon, qué erros cometeron e qué estratexias lles permitiron superalas con éxito.
- **Palestras de profesionais** da arquitectura que desenvolvan o seu traballo en diferentes ámbitos e presenten saídas laborais non sempre evidentes.

No caso de detectarse ao longo do curso algunha necesidade específica por parte do alumnado, tratarase de planificar algún tipo de actividade apropiada y adaptada a tal necesidade.

9. Estratexia de continuidade para a Mentoría Dual

A estratexia organizativa de mentoría dual poderá estar suxeita a cambios, pois dependerá do número de mentores que sexamos quen de captar en cada curso académico.

A labor de mentorizaxe terá unha duración inicial dun curso académico, aínda que o desexable é que os grupos de mentorización continúen un curso máis, xa que é nese segundo curso onde se detecta un incremento no contacto entre os telémacos e os seus mentores do curso anterior.

Na seguinte campaña de captación de mentores, comprobarase se hai continuidade de mentores, se é preciso repoñer mentores nalgúns grupos, cantos

telémacos realmente se implicaron e pensan continuar e, sobre todo, se podemos involucrar a novos mentores para se facer cargo dos estudantes de novo ingreso.

Por outra banda, recoñecer a labor desenvolvida polo alumnado mentor por parte da organización (Universidade) é un principio básico para que unha acción deste tipo funcione. Ao alumnado que participa neste proxecto de mentorizaxe ofréceneselles 1,5 créditos ECTS ao final de cada cuatrimestre no que desenvolvan esta tarefa. Este crédito aparecerá recoñecido nun certificado expedido polo Vicerreitorado de Títulos Calidade e Novas Tecnoloxías e quedará reflectido no suplemento europeo ao Título. O negativo é que, tal e como está establecido, os estudantes de Máster non poden obter recoñecemento ningún polo seu labor, cando se ten constancia de que moitos destes alumnos estaría dispostos a reforzar o grupo de mentores.

10. Memoria final da labor desenvolvida. Avaliación

Ao finalizar o curso, o alumnado mentor e o profesorado titor dará conta ó coordinador do labor desenvolvido durante o curso, valorando esta experiencia.

Neste pequeno informe (formulario / correo electrónico / reunión final) preténdese recoller as debilidades e fortalezas do centro, do estudantado, da docencia, así como da iniciativa de mentorizaxe dual.

Cos datos recollidos, o coordinador elaborará unha memoria final dando conta dos resultados do PAT:

- Integración e participación dos alumnos no novo curso (telémacos).
- Implicación e satisfacción do alumnado mentor.
- Implicación e satisfacción do profesorado titor.
- Dificultades atopadas.
- Detección de problemas académicos, necesidades formativas e intereses do alumnado de cara ao seguinte curso.
- Posibles melloras dos aspectos académicos e de servizos.
- Propoñer outro tipo de melloras de cara ao vindeiro curso.

Paralelamente, dende a coordinación do PAT da UDC, enviarase unha enquisa, en formato electrónico, dirixida tanto ás persoas titoras como ao alumnado, que servirá para, unha vez analizados os resultados, avaliar o proceso xeral de desenvolvemento do PAT na UDC.

Esta análise de resultados farase pública nunha reunión na que estará a coordinación do PAT da UDC e os responsables dos PAT nos distintos centros da Universidade. Nesta reunión, comentarase os resultados globais dos cuestionarios co obxectivo de propor accións de mellora.

A coordinación do PAT da UDC publicará, a través da web do Cufie, os resultados obtidos, co fin de que todos os axentes implicadas no PAT teñan acceso a eles.

A Coruña, a 4 de novembro de 2022

Enrique Antelo Tudela
Coordinador do PAT da ETSAC